

Resolución do 27 de maio de 2014, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Xunta de Galicia (subgrupo A1), escala superior de estatísticos/as, pola que se lle dá publicidade a diversos acordos referentes ao segundo exercicio do proceso selectivo.

En sesións que tiveron lugar os días 26 e 27 de maio de 2014, o Tribunal designado pola Orde do 4 de febreiro de 2014 (DOG núm. 33, do 18 de febreiro), para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Xunta de Galicia (subgrupo A1), escala superior de estatísticos/as, de conformidade co disposto nas bases da convocatoria,

ACORDOU:

Primeiro.- Que de conformidade co disposto na base II.1.1.2 da convocatoria, superaron o segundo exercicio os aspirantes que obtiveron unha puntuación mínima de cincuenta (50) puntos.

Segundo.- Realizar os trámites oportunos para a publicación das puntuacións obtidas polos aspirantes presentados ao segundo exercicio do proceso selectivo extraordinario de consolidación para o ingreso no corpo superior da Administración da Xunta de Galicia (subgrupo A1), escala superior de estatísticos, na Escola Galega de Administración Pública, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

Terceiro.- De acordo co disposto na base II.1.2.7 da convocatoria, os aspirantes poderán presentar as alegacións que estimen oportunas con relación ás puntuacións no prazo de 10 días a contar desde o seguinte á publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia.

Cuarto.- De conformidade co disposto na base III.13 da convocatoria, contra este acordo poderase interpoñer recurso de alzada nos termos previstos nos artigos 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2014

O presidente do tribunal




Manuel Mateo Díaz



ESCALA DE ESTADÍSTICOS
Promoción interma e libre

DNI	APELIDOS E NOME	QUENDA	NOTAS
78798805T	ROMERO MARTINEZ, MARIA DEL PILAR	INTERNA	62
34966251H	CLEMENTE SIOTA, MARIA NIEVES	LIBRE	40
50737479P	DE LA HERRAN DE BLAS, CARLA ELENA	LIBRE	66,67
44489593A	FERNANDEZ GONZALEZ, LUCIA	LIBRE	31,67
47365770F	GARCIA VARELA, JAVIER	LIBRE	53,17
53162876D	GUERRA FERNANDEZ, MONTSERRAT	LIBRE	50
35473745V	LEIROS ALONSO DE VELASCO, JAIME	LIBRE	73,50
76927671P	MARTIN VILA, MARIA	LIBRE	50,33
76368992E	PRESEDO DIAZ, MARIA GLORIA	LIBRE	38,33
44807616M	VIQUEIRA MIRANDA, MARIA DEL PILAR	LIBRE	51,67

XUNTA DE GALICIA
PROCESO SELECTIVO
SUBGRUPO A1
TRIBUNAL
ESCALA SUPERIOR DE
ESTADÍSTICOS/AS